



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Telef.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

ACTA NÚMERO 1: CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL QUE XULGARÁ O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE CINCO PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2021, 2022 E 2023 DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Na Casa Consistorial do Concello das Pontes de García Rodríguez, as catorce horas do día 14/05/2024, reúnense de xeito telemático (videoconferencia), as persoas compoñentes do Tribunal que xulgará o procedemento de selección para a cobertura de cinco prazas de funcionario/a de carreira, escala de administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo 1, OEP 2021, 2022 e 2023, nomeadas mediante Decreto 838/2024, de data 02 de maio, do concelleiro delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos xunto coa relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Asisten á reunión presencialmente e a través de medios telemáticos:

Presidencia:

Cristina Morán Monzo, funcionaria con habilitación de carácter nacional

Vogalías:

Paula Esperanza Ramos Díaz, funcionaria con habilitación de carácter nacional

Federico María Suárez Cancelo, funcionario con habilitación de carácter nacional

José Ángel Balseiro Amido, funcionario con habilitación de carácter nacional

Secretaría:

Marina Núñez Orjales, funcionaria con habilitación de carácter nacional

1. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

Toma a palabra Cristina Morán Monzo designada para actuar como Presidenta do órgano colexiado quen procede á lectura da base xeral sexta relativa ás regras de composición e funcionamento do tribunal cualificador.

A secretaria do tribunal manifesta que non se achegou ao expediente documentación ningunha relativa á presentación de recusación contra membros do Tribunal, logo da publicación no BOP número 88 de 07/05/2024 do seu nomeamento, nin formulación de renuncia expresa ao nomeamento.

A continuación lémbrese a obriga das persoas membros do Tribunal de absterse de participar no procedemento selectivo de referencia nos supostos nos que conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), respecto das persoas admitidas que figuran no Decreto 838/2024, de data 02 de maio.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

As persoas membros do Tribunal formulan declaración expresa da non concorrencia nelas dos motivos de abstención previstos no apartado 2º do art. 23 da LRXSP.

Dada conta das actuacións administrativas seguidas ata a data, o Tribunal queda formalmente constituído como órgano colexiado encargado da celebración do proceso selectivo de referencia.

2. DISTRIBUCIÓN DO TEMARIO PARA A ELABORACIÓN DO PRIMEIRO EXAME TIPO TEST

De seguido, distribúense os temas do anexo das Bases Específicas publicadas no BOP número 88 de 07/05/2024, sobre os que versarán as preguntas que conformarán o primeiro exame tipo test, de acordo coa base 7.2.1.

Para tal efecto, lévase a cabo unha análise do seu contido en orde a verificar a súa adecuación e función do conxunto de probas deseñadas.

As regras para a elaboración das preguntas tipo test serán as seguintes:

- Cada persoa membro do Tribunal elaborará un total de 12 preguntas.
- Tendo en conta que a proba queda conformada por 50 preguntas, rexeitaranse as preguntas que poidan suscitar dúbidas a calquera dos membros do tribunal no seu plantexamento ou das respostas alternativas; 5 preguntas (una por membro do Tribunal) quedarán de reserva por posibles anulacións.
- As propostas de preguntas realizaranse sen formato co obxecto de facilitar e axilizar a formación da plantilla provisional/elaborar documentos.
- Formularanse as propostas de preguntas en galego e castelán con tres respostas alternativas.
- Respecto do formato de pregunta, de xeito común acórdase que o enunciado sexa claro, sinxelo e fiel á redacción literal da norma. Procurarase evitar a utilización de respostas tipo “Todas as respostas son correctas” “Ningunha das respostas é correcta” ou similares e de ubicar como resposta correcta a primeira das opcións (sesgo de confección).
- A identificación do texto legal levarase a cabo coa súa denominación oficial completa sen abreviaturas.

Do total do temario lévase a cabo o seguinte reparto:

Membro	Temas asignados
Marina Núñez Orjales	1 a 10
Paula Esperanza Ramos Díaz	11 a 20
Federico María Suárez Cancelo	21 a 26
Cristina Morán Monzo	27 a 34
José Ángel Balseiro Amido	35 a 40



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte. Núm. 2024/E001/000002

Ref.:SEC

A elaboración do exame tipo test realizarase a partir das preguntas formuladas por cada membro do tribunal con antelación suficiente á realización do exame o día 18/06/2024.

Non habendo máis asuntos que tratar a Presidenta levantou a sesión ás catorce horas e vinte minutos, estendéndose a presente acta da que eu, secretaria, dou fe.

A presidenta do Tribunal

A secretaria